

# **AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DUN PROXECTO DE IMPLANTACIÓN DE MEDIDAS DE RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL NAS PEMES**

## **CONVOCA**

Consellería de Traballo e Benestar

## **OBJECTO**

Concesión das axudas, en rexime de concorrencia competitiva, dirixidas á realización dun proxecto para a implantación de medidas de responsabilidade social nas pequenas e medianas empresas (pemes), no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia durante o ano 2010.

## **BENEFICIARIOS**

Poderán ser beneficiarias destas axudas as empresas privadas con domicilio social e centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia, que reúnan as seguintes condicións:

- a) Que non superen os 50 millóns de euros de volume de negocio anual ou o seu balance anual sexa inferior a 43 millóns de euros.
- b) Que contén cun número igual ou superior a 5 e inferior a 250 persoas traballadoras. Para os efectos de determinar o número de persoas traballadoras na empresa, atenderase ao número de persoas traballadoras no momento da presentación da solicitude.
- c) Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma, con anterioridade á proposta de resolución, así como antes das correspondentes propostas de pagamento.

Non teñen consideración de beneficiarias as entidades sen ánimo de lucro.

## **ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES**

A actividade subvencionable consistirá na realización dun proxecto para a implantación de medidas de responsabilidade social empresarial, que debe comprender obrigatoriamente a realización das seguintes actividades:

1. Unha análise ou diagnóstico sobre a situación actual da empresa en materia de responsabilidade social, que debe incluír os seguintes ámbitos:
  - a) Xestión ambiental: uso eficiente dos recursos, redución dos custos enerxéticos, redución e reciclaxe de residuos, prevención da contaminación, administración de recursos naturais, diminución da xeración de residuos e o seu tratamento, etc.
  - b) Conciliación da vida familiar e laboral: flexibilidade da xornada laboral, permisos por responsabilidades familiares, tipo de xornada, etc.

## RESPONSABILIDADE SOCIAL

- c) Condicións laborais: fomento da estabilidade laboral, plans de formación para as persoas traballadoras, facilitar o desenvolvemento dos traballadores mediante a promoción profesional, mellorar a comunicación interna e facilitar a participación dos traballadores na xestión da empresa, medidas de protección da saúde, etc.
- d) Igualdade de oportunidades: implantación de plans de igualdade, fomento da inserción de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social, medidas para evitar a discriminación na promoción profesional e na contratación, etc.
- e) Política social: participación en obras sociais, patrocinios ou actividades culturais ou deportivas, axudas a organizacións sen ánimo de lucro, etc.

O diagnóstico tamén deberá recoller a identificación dos grupos de interese, é dicir, os individuos ou colectivos con que a empresa ten relación que se vexan afectados pola súa actividade, produtos ou servizos, ou que poidan ser afectados.

- 2. A elaboración dun plan en que se recolla a implantación na empresa de novas medidas de responsabilidade social, tendo en conta a situación en que se encontra, segundo o diagnóstico elaborado previamente. O plan debe establecer os obxectivos que se pretenden alcanzar, as actividades concretas que se van a levar a cabo para logralos e os recursos necesarios. O plan debe vir acompañado dun calendario de aplicación, en que se indique o cronograma de todas as actividades concretas que se van a levar a cabo para a implantación das medidas que comprende, e deberá establecerse a implantación de como mínimo dúas medidas durante o ano 2011.

### CONTÍA

A contía das axudas previstas consistirá no 100% dos gastos debidamente xustificadas para a realización do proxecto, co límite de 8.000 euros por beneficiaria.

### PRAZO

O prazo para a presentación de solicitudes de axudas rematará no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación da norma no *Diario Oficial de Galicia*. DOG nº 101, do 31 de maio de 2010

### NORMATIVA

[Orde do 14 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a pemes, para a realización de proxectos para a implantación de medidas de responsabilidade social empresarial no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e se convocan para o exercicio 2010.](#)

### ENLACE

[Orde do 14 de maio de 2010\(139 Kb\)](#)

[Solicitud TR860A\(351 Kb\)](#)